

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE XUÑO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbese a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de maio de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o Decreto do Delegado da Área de Urbanismo número 13002491, do 18 de marzo de 2013, polo que se lle denegou a licenza de apertura dun salón de xogos no edificio da estación de autobuses de Lugo, sito na praza da Constitución, sen número.

Tamén se acorda conceder a licenza municipal de instalación e apertura de oficina, almacén e acceso de vehículos para carga e descarga de empresa de limpeza na rúa da Factoría, parcela 117, subparcela 7 e de licenza municipal de instalación e apertura de taller de carpintería metálica na vía "A", parcela E2.2, parque empresarial "As Gándaras".

Acórdase tomar razón da sentenza número 42/2013, ditada polo Xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Lugo no recurso contencioso-administrativo número 85/2010-B, interposto contra o acordo 4/483 da Xunta de Goberno Local do 25 de novembro de 2009.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo de denegación de licenza para a legalización de edificación para almacén de apoio a viveiro de plantas, sita en Nadea.

Código Seguro de verificación:g1Huyh1y2qMTjLMgtf/a1A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	12/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	g1Huyh1y2qMTjLMgtf/a1A==	PÁGINA	1/2



g1Huyh1y2qMTjLMgtf/a1A==

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para acondicionamiento de local na planta baixa para oficinas do sepe, no edificio con licenzas números 173/04 e 517/04, sito na rúa Novo Freire, números 5-7; para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural 14.5 Santa Eufemia, número 6, parroquia de Calde; para legalización de planta soto e baixo cuberta e modificación da localización da fosa séptica en vivenda unifamiliar con licenza 308/01, atopándose dentro do ámbito do núcleo 52.6 Vilar, parroquia de Santa Comba e para a legalización de muro de peche na rúa Agro Novo, parcela 38, polígono da Louzaneta.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. FACENDA LOCAL.-** Desestimación do recurso de reposición interposto contra a liquidación número 6087498 (325bis/2013), xirada ao seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para cambio de uso de oficina a vivenda na planta 3ª retranqueada e baixo cuberta do edificio sito na rúa san pedro, 62.

**ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**


**4. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a aprobación da autorización de uso en precario de locais do edificio municipal sito na rúa Monte Faro, 2 (Lugo), á entidade a unha ONG.

Tamén se acorda a aprobación da encomenda de xestión do Concello de Lugo á “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA)”, das subvencións para alugamento de vivendas en Lugo- exercicio económico 2013.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.**

Código Seguro de verificación:g1Huyhly2qMTjLMgtf/a1A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	12/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	g1Huyhly2qMTjLMgtf/a1A==	PÁGINA	2/2

  
g1Huyhly2qMTjLMgtf/a1A==